

No propio sangue

Fortalezas de Lois Pereiro

LUCÍA SEOANE

“Mollo no propio sangue a dura pluma”. De certo, ningún mellor que outro poeta para dialogar coa obra de Lois Pereiro. Ou, mellor dito, ningún mellor que dous poetas: evidentemente, Rosalía, pero evidentemente tamén, Miguel A. Mato Fondo, quen escolle o verso da autora de *Follas Novas* para titular o último dos apartados do seu breve –por máis que intenso e rigoroso– ensaio.

Mais xa desde as páxinas iniciais, Mato Fondo centra o seu labor na análise comparada da experiencia da dor nos dous poetas, Rosalía e Lois Pereiro; unha conciencia que se transmite, desde logo, a través da linguaxe, convertida en eixo central da obra do monfortino, capaz de transmitirnos a dor do subconsciente, pero tamén o sufrimento físico perceptible.

E organiza Mato Fondo a súa aproximación á pética de Pereiro a través de oito apartados. Parte, no primeiro deles, dun “retrato: un grupo de poetas”; isto é, dos componseiros do grupo De Amor e Desamor para avanzar, nos seguintes, polos espazos da resistencia e da radicalidade moral e estética que se enfronta coa “inabitta piaggia” na que se converteu o mundo. Porén, a pesar de todo, a esperanza consiste en facer prevalecer a palabra sobre a morte, a palabra para se salvar da devastación, a palabra que xorde desde o propio sangue.

MATO FONDO, Miguel A., *Transgresión e fragilidade*, Ed. Laiovento, Santiago, 2011, PVP 11 €

